



Xuño de 2020

AVALIAR EN TEMPO DE CONFINAMENTO

Quedan poucas semanas para que remate o curso máis anómalo que lembramos e achégase o momento da avaliación final, tan frecuentemente entendida nun sentido exclusivamente sumativo: poñer unha nota que pretende ser unha medición do grao de aprendizaxe do alumnado en relación cos contidos da materia e o curso que corresponda. Ou cando menos, así é como se adoita considerar a avaliación entre un certo sector do profesorado.

Desde NEG coidamos que as circunstancias nas que transcorreu este terceiro trimestre debido ao confinamento decretado por mor da COVID-19, esixen, máis que nunca, ir alén desta visión reducionista da avaliación. É momento de reivindicarmos, unha vez máis, a avaliación coma un proceso non centrado exclusivamente na medición de resultados do alumnado, senón tamén na reflexión sobre os procesos que conducen a eses resultados, sobre as condicións nas que este se produce, sobre o labor do profesorado e sobre as medidas que cómpre tomar para melloralos.

ASPECTOS PROBLEMÁTICOS

Sen ánimo de facer unha análise exhaustiva destes factores, moitos deles improvisados en grande medida para se adaptar ao ensino non presencial da noite para a mañá, queremos salientar brevemente algúns aspectos problemáticos que coidamos que son estruturais ao noso sistema educativo obrigatorio, e que o confinamento non fixo máis que amplificar.


Comezamos polo currículo, por eses temarios sobrecargados de contidos que fan da práctica educativa unha carreira contra reloxo -ou mellor dito, neste caso, contra o calendario-, na que o último que se respecta é o ritmo de aprendizaxe do alumnado.

A inspección educativa acaba de solicitar as mo-

dificacións ás nosas programacións nas que tiñamos que reflectir exclusivamente os estándares de aprendizaxe e as competencias que consideramos imprescindibles. Palavra reveladora... quere isto dicir que temos uns currículos sobrecargados con contidos que consideramos prescindibles pero que impartimos moitas veces a costa de que os "imprescindibles" non queden debidamente asentados nin desenvolvidas as competencias? A resposta a esta pregunta é sen dúbida afirmativa, e é hora de abordar a relación entre esta sobrecarga de contidos e as dinámicas perversas que xera, coas avultadas cifras de fracaso escolar no noso país.

Destas dinámicas perversas probablemente son "os deberes" os que máis contribúen a fortalecer a función selectiva que a escola realiza a través da avaliación sumativa. De tal xeito que lonxe de loitar contra as desigualdades de partida entre o alumnado, sirva para perpetualas, e mesmo lexitimalas. As familias con recursos culturais e económicos son quen de axudar as súas fillas e os seus fillos na realización destas tarefas, mentres que as que non teñen estes recursos ven como a fenda académica soe en-





sancharse curso tras curso, ata acabar expulsando o 25% do alumnado do sistema educativo.

Ademais, esta externalización da xornada escolar cara ás familias, a maiores dunha mostra da debilidade do sistema escolar para desenvolver a súa función no tempo lectivo, sobrecarga o alumnado de traballo, xera tensións nas relacións familiares ou incrementa o desembolso económico no pagamento de clases particulares cando é posible, xera impotencia e desamparo cando non o é, dificulta a planificación e gozo de actividades de xogo, sociais, de ocio, deportivas, culturais... que son unha necesidade e deben ser consideradas un dereito da infancia.

Nova Escola Galega non quere un sistema educativo selectivo que sirva de adestramento para unha vida adulta ao servizo exclusivo e sen cuestionamento da economía. NEG non quere unha escola que faga dunha falsa "cultura do esforzo" sometida ás ideas neoliberais a súa filosofía, senón unha escola que promova o "pracer de aprender, que alimente e desenvolva a curiosidade", na que se nutra a autoestima



a través dunhas relacións educativas respectuosas cos procesos individuais e grupais, e favorecedoras da motivación por avanzar na autonomía persoal, en contextos escolares cada vez con maiores cotas de humanización.

Sen dúbida, isto non é posible ofrecelo cando os contextos veñen determinados por todo o contrario: sobrecarga curricular e de tarefas monótonas e repetitivas como adoitan ser os deberes, avaliacións finais reducidas a medir a aprendizaxe unicamente a nivel cognitivo...

Este período de confinamento magnificou, como dicíamos ao principio, os aspectos máis problemáticos do noso sistema educativo. A sobrecarga de tarefas do alumnado, a miúdo sen a máis mínima coordinación entre os equipos docentes, chegou a ocupar titulares de prensa e chamamentos institucionais á moderación. Sen dúbida, estamos ante unha materia pendente que as e os profesionais da educación probablemente deixemos para setembro. Unha eiva que a administración educativa non contempla tampouco entre as prioridades do sistema.

O PAPEL DA AVALIACIÓN

Pero despois da novidade e incerteza de dar clase en confinamento, o que si faremos en xuño será avaliar o alumnado, o que suporá un novo reto. As Administracións non se atreveron, como noutros países, a propoñer unha avaliación positiva á totalidade do alumnado do ensino obrigatorio. Aínda así, a súa proposta de xeneralizar esta avaliación positiva e facer da repetición unha excepcionalidade maior do que xa é na lexislación ordinaria actual é obxecto de resistencia por parte das organizacións políticas conservadoras e tamén dunha parte do profesorado, máis con ridiculizacións e bromas que con argumentos. Mesmo a pesar de que a repetición de curso é unha anomalía do noso sistema educativo, que non se contempla noutros países da nosa contorna.

Primeiro deberemos lembrar cal é o sentido da avaliación na educación obrigatoria.

A educación obrigatoria ten como finalidade proporcionar ao alumnado, á cidadanía do país en definitiva, a formación elemental para poder exercer como tales na sociedade que lles tocou vivir. Tamén ten un fin propedéutico, que é o de servir para a con-



secución de coñecementos que propicien o avance no sistema educativo. Pero este último non é, ou non debe ser, o obxectivo primordial na Educación Primaria e na ESO, que son obrigatorias, e mesmo constitúe un delito nas nosas leis non proporcionar esa formación aos fillos.

Polo tanto, nas etapas obrigatorias non pode concibirse a avaliación máis que como un instrumento para apoiar e informar do proceso de aprendizaxe, non como un elemento que seleccione, divida e exclúa. A avaliación é útil se serve para tomar decisións de mellora. Se nos serve para que o profesorado, o alumnado e as familias identifiquemos erros e acertos no proceso de ensino-aprendizaxe, para que teñamos unha idea clara dos seus progresos nas tarefas que a cadaquén nos corresponden e para que se poida reconducir a forma de ensinar e de aprender. En definitiva, é útil se nos serve para a finalidade primordial de formar cidadáns e cidadás, persoas autónomas e críticas, non para clasificalos. como man de obra. O sistema educativo actual é o suficientemente segregador como para que os controis que marca teñan unha capacidade para separar do sistema un ou unha de cada catro estudantes, e disuadilos de continuar formándose, porcentaxe maior que noutros países do noso contorno co mesmo nivel académico.

Pero outra característica deste proceso é a súa falla de equidade, deixando ao lado maioritariamente o alumnado cunha situación de partida social e economicamente máis débil, a pesar do labor da escola pública para mitigar esta realidade.

Se de algo nos serviu o confinamento foi para poñer en evidencia que na nosa sociedade segue a existir unha profunda fenda socioeconómica e cultural, moitas veces maior ca tecnolóxica, que tamén podemos constatar. Precisamente a fenda social, invisible para a escola, está detrás de moitos dos baixos rendementos destas semanas. Vivendas minúsculas que fan compartir pequenos espazos, tarefas de coitados a outros familiares, clima de ansiedade pola inseguridade laboral da familia, carencias materiais básicas, situacións de tensión nas relacións familiares, os aínda non resoltos problemas de conexión no medio rural, e un longo etc. que debe facerse compatible co traballo académico, fan que se incremente o desequilibrio nas condicións de vida entre o



alumnado, compensadas en parte coa escolarización normalizada, a presencial. Cando menos nos centros educativos todo o alumnado comparte os mesmos espazos e condicións, cousa que non acontece nas circunstancias actuais.

PROPOÑEMOS

Desde NEG propoñemos polo tanto que se avalíe o alumnado non só procurando que o suspenso e a repetición sexan unha excepción, como mandan as Administracións; senón que ante o descoñecemento das situacións familiares se procure a avaliación positiva a todo o alumnado do ensino obrigatorio. Non carguemos con máis sufrimento aos que xa o teñen inevitablemente. Fagamos na medida do posible esta avaliación positiva en xuño sen deixala para setembro, intervalo no que os centros non van poder acher gar nada á formación do alumnado e que sabemos que serve para afondar na desigualdade entre os que teñen recursos para apoiar e os que non.

Teremos máis tarde tempo para recuperar os condidos e ofrecer as condicións para que o alumnado poida conseguir os obxectivos e desenvolver as competencias, en base á avaliación inicial que nos indique o punto de partida de cadaquén e a avaliación continua que permita ir axustando o proceso de aprendizaxe ás necesidades de cada alumno/a, nun contexto educativo, que será tal na medida que poidamos relacionarnos presencialmente alumnado e docentes.

Propoñemos tamén non renunciarmos a aprender as leccións, numerosas, desta experiencia educativa excepcional. Da avaliación que fagamos dela depende, en grande medida, a posibilidade de mellorar o sistema educativo no tempo sen coronavirus.



REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

Subscríbete

A NOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO



engádeste?

engádeste?
engádeste?
engádeste?



www.nova-escola-galega.org